Normas voluntarias na industria alimentaria - Normas BRC, IFS, ISO9001 e 22000	<ul style="list-style-type: none"> <li>Elaboración apuntes e presentación powerpoint da A2</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Elaboración dunha síntese dos contidos teóricos principais da A2</li> <li>Avaliación da A2</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Síntese dos contidos teóricos da actividade</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Powerpoint</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.3 - Cuestionario sobre as principais normas implantadas Táboa colaborativa sobre as principais normas (BRC, IFS, UNE-EN-ISO 9001: 2000, UNE-EN-ISO 22000:2005, etc.)</li> </ul>	2,0
<b>TOTAL</b>						<b>10,0</b>

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Utilización eficiente dos recursos e tratamento de residuos na industria alimentaria	10

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Utiliza os recursos eficientemente, e avalía os beneficios ambientais asociados.	SI
RA6 - Recolle os residuos de xeito selectivo e recoñece as súas implicacións sanitarias e ambientais.	SI

**4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Recoñecer o impacto ambiental da industria alimentaria	1	Utilización eficiente dos recursos	5,0
1.2 Recoñecer as vantaxes e as metodoloxías para a utilización eficiente dos recursos			
2.1 Identificar as técnicas de recollida e reciclaxe de residuos e o seu impacto ambiental	2	Tratamento de residuos	5,0
<b>TOTAL</b>			<b>10</b>

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA5.1 Relacionouse o consumo de cada recurso co impacto ambiental que provoca.	<ul style="list-style-type: none"> <li>TO.1 - Dinámica sobre novas na prensa e debate</li> </ul>	N	5
CA5.2 Definíronse as vantaxes que o concepto de redución de consumos lle achega á protección ambiental.	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - Cuestionarios sobre as vantaxes que o concepto de redución de consumos lle achega á protección ambiental.</li> </ul>	N	10
CA5.3 Descríbense as vantaxes ambientais do concepto de reutilización dos recursos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.2 - Cuestionario sobre as vantaxes ambientais do concepto de reutilización dos recursos e realización dun produto novo usando residuos da industria alimentaria</li> </ul>	N	10
CA5.4 Recoñecéronse as enerxías e os recursos de utilización menos prexudicial para o medio.	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.3 - Cuestionario sobre as enerxías e os recursos de utilización menos prexudicial para o medio.</li> </ul>	S	10
CA5.5 Caracterizáronse os métodos para o aforro de enerxía e o resto de recursos que se utilicen na industria alimentaria e de restauración.	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.4 - Cuestionario sobre os métodos para o aforro de enerxía e o resto de recursos que se utilicen na industria alimentaria e de restauración.</li> </ul>	N	5
CA5.6 Identifícanse as non-conformidades e as accións correctoras relacionadas co consumo dos recursos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.5 - Cuestionario sobre as non-conformidades e as accións correctoras rela</li> </ul>	S	10
CA6.1 Identifícanse e clasifícanse os tipos de residuos xerados segundo a súa orixe, o seu estado e a súa necesidade de reciclaxe, de depuración ou de tratamento.	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1 - Taboa colaborativa dos tipos de residuos xerados segundo a súa orixe, o seu estado e a súa necesidade de reciclaxe, de depuración ou de tratamento.</li> </ul>	S	10

**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA6.2 Recoñécéronse os efectos ambientais dos residuos contaminantes, e outras afeccións orixinadas no proceso produtivo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.2 - Traballo por equipos e posta en común</li> </ul>	N	5
CA6.3 Descríbóronse as técnicas de recollida, selección, clasificación, eliminación e vertido de residuos.			0
CA6.3.1 Descríbóronse as técnicas de recollida, selección, clasificación, eliminación e vertido de residuos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.6 - Cuestionario sobre as técnicas de recollida, selección, clasificación e vertido de residuos</li> </ul>	S	10
CA6.3.2 Identifícanse os principais centros de recollida e selección de residuos da cidade	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.3 - Traballo sobre os principais centros de recollida e selección de residuos da cidade</li> </ul>	N	5
CA6.4 Recoñécéronse os parámetros que fan posible o control ambiental nos procesos de produción dos alimentos relacionados cos residuos, os vertidos e as emisións.	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.7 - Cuestionario sobre os parámetros que fan posible o control ambiental nos procesos de produción dos alimentos relacionados cos residuos, os vertidos e as emisións</li> </ul>	N	5
CA6.5 Establecéronse por orde de importancia as medidas tomadas para a protección ambiental.	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.8 - Cuestionario sobre as medidas tomadas para a protección ambiental.</li> </ul>	N	10
CA6.6 Identifícanse as non-conformidades e as accións correctivas relacionadas coa xestión dos residuos segundo ISO 14000 / EMAS (regulamento comunitario de ecoxestión e ecoauditoría).	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.4 - Traballo sobre as non-conformidades e as accións correctivas relacionadas coa xestión dos residuos segundo ISO 14000 / EMAS (regulamento comunitario de ecoxestión e ecoauditoría).</li> </ul>	N	5
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Impacto ambiental provocado pola industria alimentaria.  Concepto dos tres erres: redución, reutilización e reciclaxe.  Metodoloxías para a redución do consumo dos recursos.  Lexislación ambiental.  Descrición dos residuos xerados e os seus efectos ambientais.  Técnicas de recollida, clasificación, eliminación e vertido de residuos.  Parámetros para o control ambiental nos procesos de produción dos alimentos.

**4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Utilización eficiente dos recursos - Utilización dos recursos eficientemente e avaliación dos beneficios ambientais asociados	<ul style="list-style-type: none"> <li>Elaboración apuntes e presentación powerpoint da A1</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Elaboración dunha síntese dos contidos teóricos principais da A1</li> <li>Avaliación da A1</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Síntese dos contidos teóricos da actividade</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Powerpoint</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>PE.1 - Cuestionarios sobre as vantaxes que o concepto de redución de consumos lle achega á protección ambiental.</li> <li>PE.2 - Cuestionario sobre as vantaxes ambientais do concepto de reutilización dos recursos e realización dun produto novo usando residuos da industria alimentaria</li> <li>PE.3 - Cuestionario sobre as enerxías e os recursos de utilización menos prexudicial para o medio.</li> <li>PE.4 - Cuestionario sobre os métodos para o aforro de enerxía e o resto de recursos que se utilicen na industria alimentaria e de restauración.</li> <li>PE.5 - Cuestionario sobre as non-conformidades e as accións correctoras rela</li> <li>TO.1 - Dinámica sobre novas na prensa e debate</li> </ul>	5,0
Tratamento de residuos - Recollida selectiva de residuos e avaliación de as súas implicacións sanitarias e ambientais	<ul style="list-style-type: none"> <li>Elaboración apuntes e presentación powerpoint da A2</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Búsqueda información sobre lexislación ambiental autonómica e local</li> <li>Identificación dos centros de recollida e selección de residuos da cidade</li> <li>Elabora un produto reciclado a partir produtos desecho industria</li> <li>Elaboración dunha síntese dos contidos teóricos principais da A2</li> <li>Avaliación da A2</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Síntese dos contidos teóricos da actividade, produto reciclado</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Powerpoint, internet, residuos industriais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LC.1 - Taboa colaborativa dos tipos de residuos xerados segundo a súa orixe, o seu estado e a súa necesidade de reciclaxe, de depuración ou de tratamento.</li> <li>LC.2 - Traballo por equipos e posta en común</li> <li>LC.3 - Traballo sobre os principais centros de recollida e selección de residuos da cidade</li> <li>LC.4 - Traballo sobre as non-conformidades e as accións correctivas relacionadas coa xestión dos residuos segundo ISO 14000 / EMAS (regulamento comunitario de ecoxestión e ecoauditoría).</li> </ul>	5,0



**ANEXO XIII  
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
					<ul style="list-style-type: none"> <li>• PE.6 - Cuestionario sobre as técnicas de recollida, selección, clasificación e vertido de residuos</li> <li>• PE.7 - Cuestionario sobre os parámetros que fan posible o control ambiental nos procesos de produción dos alimentos relacionados cos residuos, os vertidos e as emisións</li> <li>• PE.8 - Cuestionario sobre as medidas tomadas para a protección ambiental.</li> </ul>	
<b>TOTAL</b>						<b>10,0</b>

**5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

Partindo da Orde de 12 de xuño de 2011 polo que se regula a avaliación na formación profesional e tendo en conta o Decreto regula o título ,os mínimos esixibles do módulo de Seguridade e Hixiene na manipulación de alimentos son os establecidos no apartado 4 c) da presente programación, poden resumirse en que o alumno será capaz de:

UD 1. Manter as boas prácticas hixiénicas e de manipulación de alimentos e garantir a trazabilidade para evitar os perigos asociados cos malos hábitos hixiénicos

UD 2. Limpar e desinfectar seguindo os protocolos e utilizando os produtos axeitados garantindo a súa seguridade e a dos alimentos

UD 3. Reconocer os principais conceptos do APPCC

UD 4. Utilizar os recursos eficiente e recoller os residuos de xeito selectivo para minizar o impacto ambiental

Instrumentos e criterios de calificación.

Os instrumentos que se empregará para avaliar serán os seguintes:

-PROBAS ESCRITAS: probas escritas ou casos prácticos. As probas escritas poderán agrupar varias unidades didácticas ou unha única unidade, diferenciando por bloques a materia obxecto de avaliación de cada unidade, así como tamén a puntuación. Estas consistirán en probas combinadas de preguntas tipo test, tablas de clasificación ou resposta curta.etc. As probas tamén poderán ser CASOS PRÁCTICOS, nestes casos



o alumnado contará con material de apoio para a súa resolución.

-LISTAS DE COTEXO: Aplicadas sobre traballos individuais ou equipo. Será o instrumento utilizado para avaliar. As entregas faranse sempre en arquivo PDF na aula virtual nos prazos establecidos pola profesora. Consistirán en tablas de indicadores con varios niveles de logro ou ben tablas de indicadores binarias de si ou non,.

-TABOAS DE OBSERVACIÓN: Co fin de avaliar os comportamientos observables nas tarefas realizadas na aula polo grupo clase: dinámicas, debates, procuras de información, etc. Consistirán nunha tabla de indicadores con tres niveles de desempeño ou binarias de si/non, segundo a tarefa.

Mínimos esixibles para superar o instrumento de avaliación:

O alumnado para aprobar o instrumento necesita acadar o 50% da puntuación establecida para dito instrumento. A modo de exemplo, se a proba ou tarefa se valora en 5 puntos o mínimo a acadar será 2,5 puntos, se se valora ata 10 puntos, o mínimo será 5 puntos, etc.

Con independencia do anterior, para acadar a avaliación positiva:

- Para superar a unidade didáctica. Require obter un mínimo de un 50% da puntuación no conxunto dos instrumentos cos que se evalúa a devandita unidade.
- Para superar o módulo de Seguridade e hixiene na manipulación de alimentos: Ter aprobadas todas as unidades didácticas.


En todo caso, a nota de cada avaliación parcial reflicte só a nota das unidades didácticas avaliadas no trimestre que corresponda. A cualificación de cada avaliación será un valor numérico sin decimales entre 1 e 10. A nota calculase ponderando cada unidade calificada nesa avaliación parcial. Pero en ningún caso, o feito de aprobar calquera das avaliacións parciais suporá o aprobado das demais, aínda sí é indicativo das unidades que xa están superadas. A nota da avaliación final calcularase aplicando a puntuación obtida en cada unidade a porcentaxe que teña a devandita unidade no conxunto do módulo. O módulo aprobarase cando se teña un mínimo de 5 en cada unha das unidades didácticas.

A puntuación que conteña decimais, redondearase ao número enteiro superior en caso de que o dígito sexa superior a 5.



**ANEXO XIII**  
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Empty rectangular box for the content of the document.



## **6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

### **6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

Partindo da Orde de 12 de xuño de 2011 polo que se regula a avaliación na formación profesional e tendo en conta o Decreto regula o título ,os mínimos esixibles do módulo de Seguridade e Hixiene na manipulación de alimentos son os establecidos no apartado 4 c) da presente programación poden resumirse en que o

alumno será capaz de:

UD 1. Manter as boas prácticas hixiénicas e de manipulación de alimentos e garantir a trazabilidade para evitar os perigos asociados cos malos hábitos hixiénicos

UD 2. Limpar e desinfectar seguindo os protocolos e utilizando os produtos axeitados garantindo a súa seguridade e a dos alimentos

UD 3. Reconocer os principais conceptos do APPCC

UD 4. Utilizar os recursos eficiente e recoller os residuos de xeito selectivo para minizar o impacto ambiental

Instrumentos e criterios de cualificación.

Os instrumentos que se empregarán para avaliar serán os seguintes:

-PROBAS ESCRITAS: probas escritas ou casos prácticos. As probas poderán agrupar varias unidades didácticas, diferenciando por bloques a materia obxecto de avaliación de cada unidade, así como tamén a puntuación. Estas consistirán en probas combinadas de preguntas tipo test, tablas de clasificación, resposta curtas, etc. As probas tamén poderán ser CASOS PRÁCTICOS, nestes casos o alumnado contará con material de apoio para a súa resolución.

-LISTAS DE COTEXO: Aplicadas sobre traballos individuais ou equipo. Será o instrumento utilizado para avaliar. As entregas faranse sempre en arquivo PDF na aula virtual. Consistirán en tablas de indicadores con varios niveles de logro ou ben tablas de indicadores binarias de si ou non,.

-TABOAS DE OBSERVACIÓN: Co fin de avaliar os comportamentos observables nas tarefas realizadas na aula polo grupo clase: dinámicas, debates, procuras de información, etc. Consistirán nunha tabla de indicadores con tres niveles de desempeño ou binarias de si/non, segundo a tarefa.

Mínimos esixibles para superar o instrumento de avaliación:

O alumnado para aprobar o instrumento necesita acadar o 50% da puntuación establecida para dito instrumento. A modo de exemplo, se a proba ou tarefa se valora en 5 puntos o mínimo a acadar será 2,5 puntos, se se valora ata 10 puntos, o mínimo será 5 puntos, etc.

Con independencia do anterior, para acadar a avaliación positiva:

- Para superar a unidade didáctica. Require obter un mínimo de un 50% da puntuación no conxunto dos instrumentos cos que se evalúa a devandita unidade.

- Para superar o módulo de SEGURIDADE E HIXIENE: Ter aprobadas todas as unidades didácticas.

En todo caso, a nota de cada avaliación parcial reflicte só a nota das unidades didácticas avaliadas no trimestre que corresponda. A cualificación de cada avaliación será un valor numérico sin decimais entre 1 e 10. A nota se calcula ponderando cada unidade calificada nesa avaliación parcial. Pero en ningún cas, o feito de aprobar calquera das avaliacións parciais suporá o aprobado das demais, aínda sí é indicativo das unidades que xa están superadas. A nota da avaliación final se calculará aplicando a puntuación obtida en cada unidade a porcentaxe que teña a devandita unidade no conxunto do módulo. O módulo aprobarase cando se teña un mínimo de 5 en cada unha das unidades didácticas.

A puntuación que conteña decimais, redondearase ao número enteiro superior en caso de que o dígito sexa superior a 5.

6a1)As persoas que non superen as unidades avaliadas cada trimestre, poderán presentarse a unha proba ao remate de cada avaliación, co fin de recuperar as unidades pendentes cos instrumentos de avaliación similares aos non superados. Se aínda así non consiguen recuperar a unidade o unidades en cuestión terán a oportunidade no mes de Xuño de presentarse a proba final do módulo nela terán que recuperar as

unidades suspensas no xeito que se lles indique no informe individualizado do módulo : exame e/o entrega de tarefas e traballos. Para axudarlles coa devandita proba os alumnos deberán de asistir as actividades de recuperación propostas no mes de xuño (durante o periodo habitual de recuperación). Estas actividades consistirán en resolución de dúbidas e revisar aqueles tarefas realizados durante o curso que o alumnado presente maiores dificultades. Para a nota dos tarefas terase en conta a cualificación máis alta das dúas, a de avaliación ou a de recuperación

6a1) Os alumnos que pasen para segundo curso con este módulo pendente poderán asistir as titorías para resolver dúbidas sobre a materia. Coincidindo coa segunda avaliación realizarase unha proba escrita que puntuará de 0 a 10, sendo necesaria a obtención de unha nota mínima de 5 para superar o módulo. A proba consistirá nunha proba escrita con preguntas tipo test y/o breves e algún suposto práctico. O alumno disporá dunha hora e media. Os alumnos que non superen esta proba de recuperación realizada a finais do segundo trimestre terán outra oportunidade no mes de xuño coincidindo coa avaliación final, sendo as características das actividades de recuperación e da proba as mesmas que as citadas anteriormente na mencionada proba de recuperación.

#### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

A proba extraordinaria para o alumnado que teña perda do dereito á avaliación continua terá lugar no mes de xuño, antes da avaliación final e consistirá nun exame teórico inspirado no 100% dos resultados de aprendizaxe A proba estará dividida en 4 partes, unha para cada unidade. .Puntuaráse de 1 a 10 cada unidade individualmente. Para acadar un resultado positiva o alumno/a deberá obter en dita proba un mínimo de 5 puntos en cada unidade. Para calcular a nota da proba se terá en conta o peso que cada unidade teña no conxunto do módulo.

Unidade 1: 40%

Unidade 2: 20%

Unidade 3: 20%

Unidade 4: 20%

Sinalar que para o alumnado con perda do dereito á avaliación continua do módulo de seguridade e hixiene, terase en conta tal e como establece o artigo 25.3 da Orde do 12 de xullo de 2011 que o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado poderá valorar as circunstancias persoais e laborais do alumno ou alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro e que o alumno/a poderá seguir asistindo a clase con carácter presencial salvo en actividades que impliquen riscos tal e como establece a normativa vixente no seu artigo 25.4. O profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades aos alumnos e ás alumnas que teñan perdido o dereito á avaliación continua, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, o resto do grupo ou a instalación.

A este respecto e para informar ao alumnado o titor do grupo enviará un apercibemento cando as faltas de asistencia nun determinado módulo superen o 6% respecto da súa duración total. Nel indicárase que perderá o dereito á avaliación continua no módulo se acumulase un 10% de non asistencias con respecto á súa duración total. Cando as faltas de asistencia alcancen a citada porcentaxe, comunicárase a perda do

dereito á avaliación continua.

Na secretaría do centro deberá quedar constancia do apercibimento e da comunicación da perda do dereito á avaliación continua. O alumno/a que curse o módulo de seguridade e hixiene será apercibido/a, ou perderá o dereito a avaliación continua, cando supere o número de faltas equivalente a:

Apercebemento: superada a perda do 6% da duración do módulo: 4 faltas de asistencia

Perda do dereito á avaliación continua: superado o 10% da duración do módulo: 6 faltas de asistencia

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Realizaranse informes mensuais e nas reunións de ciclo comprobando o seguimento da programación e ademais farase o seguimento UD a UD a través desta plataforma

Para a avaliación da práctica docente recabarase información a través do departamento de calidade mediante cuestionarios periódicos pasados aos alumnos nos que se solicitará valoración sobre aspectos relativos á docencia

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Realízase unha avaliación inicial do módulo para detectar necesidades especiais e indagar nos coñecementos previos sobre o módulo mediante unha batería de preguntas curtas que os alumnos deberán responder por escrito. Do mesmo xeito co fin de averiguar a súa destreza no uso da aula virtual e dos recursos habilitados na mesma, no cuestionario se incluírán preguntas sobre o uso das TIC e os medios co que conta o alumnado para realizar tarefas co uso das novas tecnoloxías.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

As medidas para atender a diversidade e a integración do alumnado materialízanse a través de:

- Axustes na metodoloxía, adaptando os recursos pedagóxicos ás necesidades dos alumnos.
- Materiais didácticos variados, que ofrezan un conxunto de actividades que aborden os contidos de distintas maneiras.
- Axustes no formato do examen e na temporalización se fora necesario

- Agrupamentos flexibles, subdividindo o grupo da clase en varios grupos homoxéneos cando se quiera reforzar contidos aos alumnos non respondan globalmente aos obxectivos programados, e heteroxéneos cando se persiga que poidan recibir enriquecemento dos outros compoñentes do grupo

- Nas horas titoriais aportarase reforzo ao alumnado que o requira. Debido á situación sanitaria actual, este curso, as titorías serán on line, a través de Webex.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

- Orientación das actividades de ensino aprendizaxe dende unha perspectiva integral e de xénero, que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia, e en particular a de xénero.
- Educación moral e cívica: Incorporada á programación dende os contidos actitudiais e valorada no desempeño das tarefas individuais e grupais nas que participa cada alumno/a como expresión do respecto as normas, os compañeiros/as e os docentes, o seu traballo, as instalacións e os materiais.
- Educación para a paz: Incorporada á programación como unha actividade que fomenta o coñecemento intercultural como pilar básico da paz, a través coñecemento das peculiaridades das materias primas alimentarias, elaboracións...de cada cultura.
- Educación para a igualdade de oportunidades entre ambos sexos: A distribución de tarefas e a participación na toma de decisións farase evitando a materialización dos roles tradicionais home-muller.
- Educación para a saúde: Estes aspectos están presentes máis que nunca (dada a pandemia actual) na programación do módulo o través da práctica de comportamentos responsables nos ámbitos da saúde, a hixiene e a seguridade no desenvolvementos do módulo. Especialmente, tal e como indica o protocolo COVID-19, implicarase ao alumnado na concienciación social que ten a limpeza dos elementos comúns de uso privativo, nas medidas de prevención básicas e nas medidas xerais de protección individual
- Educación do consumidor: A educación como consumidores é consustancial ao currículo formativo do ciclo medio de Elaboración de produtos alimentarios xa que todos logo somos consumidores de alimentos e o coñecemento técnico que adquiren os alumnos permítelles facer un consumo consciente e responsable que aplicarán a outro tipo de produtos e a elaboración dos mesmos.
- Posta en valor do patrimonio cultural de Galicia:
  - \*Situación do galego como instrumento básico de difusión da cultura de Galicia e da cultura universal en todos os niveis e áreas educativas.
  - \*Facilitar a plena integración lingüística dos alumnos e alumnas procedentes de fóra de Galicia.
- Fomento do Plurilingüismo: Atendendo ós obxectivos anuais que desenvolven o Plan funcional e Estratéxico do Centro, concretamente:
  - \*Incrementar as competencias do alumnado en linguas estranxeiras.



**9.b) Actividades complementarias e extraescolares**

.En colaboración con outros módulos xestionarase a visita a establecementos de restauración para poder observar os manuais de boas prácticas dos mesmos.

**10.Outros apartados****10.1) Temporalización**

1ª avaliación: UD 1

2ª avaliación: UD2 + UD3 (A1)

3ª avaliación: UD3 (A2) + UD4

O módulo programase para as 53 h do currículo pero en realidade dispónse de unhas 10 h extras que empregaranse para a UD 1